

# CAMBIO DE LOCALIZACIÓN

BANCADA DE GOL

TEMPADA 2024/2025





## **Benqueridos/as abonados/as da bancada de Gol:**

Como sabedes, o noso estadio está en plena transformación para ofrecer a todo o celtismo unha mellor experiencia. Dentro deste proceso de mellora, toca intervir na bancada Gol, o cal implica cambiar de localización temporalmente a todos os abonados que ocupades este sector.

Entendemos que este cambio pode conlevar certas incomodidades, e é por iso que estamos comprometidos a facelo da maneira máis sinxela posible e, o máis importante, que poidades facelo coa vosa xente.

Sabemos que a bancada Gol é máis que unha simple localidade para vós, para moitos será a vosa bancada de toda a vida, onde vivistes innumerables momentos que quedarán sempre nas vosas mentes, e para outros sería o comezo dunha relación con este club.

O que está claro é que é unha bancada con gran valor sentimental, non só para vós, senón para todo o celtismo. Desde 1928, cando o estadio empezou a albergar os partidos do RC Celta, esta bancada viviu partidos inesquecibles e noites europeas que nos fixeron soñar. Gol foi o fogar de xeracións de celtistas, un lugar onde as alegrías e as bágoas vivíronse coa mesma paixón.

Hoxe, coa súa transformación, non só dicimos adeus á última peza do estadio orixinal, senón que celebramos todo o que representa: a nosa memoria colectiva, a nosa unión como afección e que a nosa historia que continúa escribíndose día a día.





A través deste documento, queremos contarvos e acompañarvos en cada paso deste cambio de localización e facelo da mellor forma posible. Para iso, imos explicarvos como será o procedemento de forma sinxela.

## Como será o proceso?

Para facer o cambio de localización do xeito máis cómodo e sinxelo posible, habilitamos unha plataforma en liña desde a cal poderás realizar os pasos seguintes, **desde o día 14 ata o 28 de xaneiro inclusive**. A continuación, explicámosche como proceder:

### **Confirmar con quen te cambias de localización**

Neste primeiro paso debes indicarnos con quen e como desexas cambiar de localización: en grupo ou de forma individual. Isto permitirá que, no caso de ir en grupo, podamos asignarvos asentos que manteñan ao grupo na mesma zona.

### **Elixir a túa opción de cambio de localización, temporal ou definitiva**


Unha vez que confirmases se vas só ou en grupo, deberás indicarnos a túa opción preferida para cambiar de localización durante o período das obras. No apartado de “opcións de cambio de localización” ofrecémosche dúas diferentes opcións para que escollas a que mellor se adapte ás túas necesidades xa sexa de forma temporal ou definitiva.







**PASO 1**



**Identificarse como abonado e comezar o proceso de inscrición**


**PASO 2**


**Seleccionar cambio individual ou en grupo e inscrición de todos os membros que desexen permanecer xuntos na nova bancada asignada**


**PASO 3**

**Seleccionar cambio definitivo ou temporal e as preferencias de bancada de destino**


**PASO 4**

**Finalizar inscrición**





## Confirmar con quen te cambias de localización

Para facilitar este proceso tedes dúas formas de cambiarvos de localización:

### **1. Cambio de localización individual**

Se prefires realizar o proceso de cambio de localización de maneira individual, tomarase en conta a túa antigüidade única como abonado do RC Celta de maneira ininterrompida. Neste caso, debes seguir o mesmo proceso pero sen necesidade de engadir a outros abonados. Esta opción permíteche xestionar o teu cambio de localización de maneira directa.

### **2. Cambio de localización en grupo**

Para aqueles que prefiran cambiarse de localización xunto a amigos ou familiares, ofrecemos a posibilidade de facelo en grupos de ata 10 persoas\*. Para esta modalidade, é necesario que o grupo designe a un coordinador que actuará como o nexo de comunicación co club.

O coordinador encargarse de organizar o grupo, recompilar a información de cada membro e coordinar todo o proceso de cambio de localización en conxunto (será quen faga o proceso na plataforma). Desta maneira, aseguramos unha comunicación fluída e que todos os membros do grupo poidan situarse nunha mesma zona dentro do estadio.

*\*Se sodes un grupo de máis de 10 persoas debedes contactar directamente co club por teléfono ou enderezo electrónico.*





## Opcións de cambio de localización

Despois de elixir con quen queres cambiar de localización, deberás seleccionar unha destas dúas opcións: cambio de localidade definitivo ou cambio de localización temporal durante as obras.

### **1. Cambio de localización definitivo**

Se ti ou todo o teu grupo desexa cambiar a unha nova localidade de maneira permanente e non regresar á bancada de Gol de forma preferente unha vez finalicen as obras, podedes seleccionar esta opción.

Neste caso, desde a tempada 2025/2026, deberedes renovar o voso abono na zona elixida de todas as dispoñibles, e aplicarase o prezo correspondente á zona e de acordo coa categoría de cada abonado.

Este cambio non implica ningún axuste no prezo para o que resta da presente tempada.

### **2. Cambio de localización temporal con regreso a Gol**

Se prefires regresar á bancada de Gol de forma preferente unha vez conclúan as obras, o club cambiarate de localización temporalmente nunha das seguintes zonas: Río Baixo, Río Alto, Marcador Alto ou Tribuna Baixa Córner.

Poderás indicar unha orde de preferencia entre estas zonas, e tentaremos cumprilo na medida do posible, pero ten en conta que será segundo a dispoñibilidade de cada bancada e en función da antigüidade media do grupo ou individual se non te agrupaches.

Con todo, isto significa que poderíades ser cambiados de localización en calquera das zonas mencionadas en función da devandita dispoñibilidade no momento da vosa quenda. O noso obxectivo é facilitar a transición e que sigas gozando de cada partido coa mellor experiencia posible.

CONTINÚA NA SEGUINTE PÁXINA



**CAMBIO DE LOCALIZACIÓN TEMPORAL CON REGRESO A GOL**

No tempo que duren as obras da bancada de Gol, a localización asignada polo club será temporal, mentres duren as obras o abonado non poderá realizar cambios de asento ata a finalización das mesmas.

Dado que as obras da bancada transcorrerán en diferentes fases, pode que algúns abonados teñan que ser cambiados de localización en máis dunha ocasión.

Mentres esteas cambiado de localización temporalmente, o prezo de renovación por tempada será sempre o correspondente á zona de Marcador Alto, a bancada máis económica e similar á actual bancada de Gol, entre as zonas de cambio de localización. Axustarase a cota segundo a categoría de cada abonado. Para o resto da tempada 2024/25, a cota non sufrirá ningunha modificación.

Queremos asegurar que este proceso de cambio de localización sexa o máis conveniente posible, mantendo as mellores condicións mentres avanzamos xuntos nesta mellora do noso estadio.







## Cambio de localización e comunicación do club

Cando finalice o prazo anterior e unha vez que os grupos estean establecidos, o club poñerase en contacto co coordinador deste mediante enderezo electrónico ou teléfono para confirmar e coordinar o cambio de localización chegado o momento.

Os novos carnés, coas localidades actualizadas, enviaranse directamente ao domicilio rexistrado de cada abonado. O antigo carné xa non será válido, podedes conservalo ou destruílo para evitar posibles confusións nos accesos futuros ao estadio.

Ademais, aqueles que utilicen o carné dixital deberán actualízalo unha vez realizado o cambio para asegurarse de que reflecta correctamente a nova localización.

O noso equipo de atención ao celtista está dispoñible para resolver calquera dúbida durante este proceso, e agradecemosvos de antemán a vosa colaboración e comprensión.



## Datas de inscrición

### XANEIRO

L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

#### PROCESO DE INSCRICIÓN

##### Do 14 ao 28 de xaneiro

Período para realizar os grupos ou a inscrición de maneira individual e seleccionar a opción que máis se adapte ás vosas necesidades: cambio definitivo ou temporal.

En caso de seleccionar o cambio temporal lembra que debes facer unha orde de preferencia entre as 4 bancadas dispoñibles.

De todos os xeitos, lembra que poderás ser cambiado de localización en calquera das zonas dispoñibles en función da devandita dispoñibilidade. Non te esquezas de finalizar e enviar a túa inscrición antes do 28 unha vez non queiras realizar ningunha modificación máis.

#### CAMBIO DE LOCALIZACIÓN

Unha vez finalizado o proceso, o 28 de xaneiro, o club revisará cada unha das inscricións e contactará co coordinador do grupo por estrita orde de antigüidade.

O club prevé contactar coa persoa designada como coordinador para o cambio de localidade a partir da segunda quincena de febreiro, isto non implica que a data poida sufrir alguna modificación dependendo do comezo das obras.



## **Preguntas Frecuentes**

### **Que datos necesito para a inscrición?**

Para acceder á inscrición, debes introducir o teu ID de abonado (podes velo no teu carné como ID) e o PIN (son as últimas 4 cifras do teu DNI).

No caso de non ter DNI rexistrado (menores de idade, por exemplo) o PIN será 1111.

Para verificar a identidade unha vez empezado o proceso, a plataforma poderá solicitarche a data de nacemento ou o DNI (do coordinador en caso de ser en grupo, que é quen comeza o proceso).

### **Teño asociado un miudiño, que teño que facer?**

Neste proceso non debes facer nada co carné do miudiño, o club encargárase de trasladar o seu carné á mesma zona á que estea o adulto asociado ao mesmo. Polo que recibiredes o carné do miudiño no domicilio coa nova zona.

### **A miña localización temporal pode ser modificada durante o transcurso das obras?**

Dado que as obras da bancada transcorrerán en diferentes fases, pode que algúns abonados teñan que ser cambiados de localización en máis dunha ocasión durante o tempo que duren estas.

### **Que pasa se non realizo a inscrición?**

En caso de non realizar o proceso de inscrición o club entenderá que cambias de localización de forma individual e cun cambio temporal, polo que se tomará a túa antigüidade única como abonado.

### **Que pasa se non me chega o novo carné antes do seguinte partido?**

Terás dispoñible o carné dixital coa nova localidade desde o momento que se realice o cambio, tanto na nova App como no Portal do Celtista, para poder acceder sen ningún problema ao estadio ata que recibas o novo carné. Se non podes descargar o carné dixital, nos despachos de billetes do estadio poderemos facilitarche a entrada do teu novo asento.





# ATENCIÓN AO CELTISTA



**Oficina de Atención ao Celtista de Abanca Balaídos**

De luns a venres de 10h a 14h e 16h a 19h

**Teléfono:**

986 213 230

986 213 234

**Enderezo electrónico:** [abonados@rccelta.es](mailto:abonados@rccelta.es)



//ABANCA

